

CAMPO A TRAVÉS - 1ª XORNADA LOCAL CIRCUÍTO DE MONDEGO (SADA) - 10/12/2016

ORGANIZAN: Secretaría Xeral para o Deporte, a Federación Galega de Atletismo, e o Club Atletismo Sada, organizan a 1ª Xornada de Campo a Través, deste Curso 2016/2017

PARTICIPANTES

No campo a través poderán participar todos os clubs, centros de ensino, asociacións, ANPAS etc. que cumpran os requisitos da inscrición no programa XOGADE.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2009-2008 masculino e feminino.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino.

INFANTIL....: nados nos anos 2005-2004 masculino e feminino.

CADETE.....: nados nos anos 2003-2002 masculino e feminino.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

SISTEMA DE COMPETICIÓN 1ª XORNADA

Cada centro, club ou entidade deportiva poderá participar nesta primeira fase co número de equipos que o desexen en cada categoría, sempre que a súa nomenclatura os diferencie.

Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, agás en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá reorganizar as propias zonas previa proposta do Servizo de Deporte correspondente.

Todos os participantes, e adestradores, terán que estar de alta na aplicación informática do programa Xogade, na modalidade de Campo a Través.

LUGAR E DATA

Circuíto de Mondego (Sada), o 10 de decembro de 2016

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas participantes nesta 1ª Xornada de Campo a Través Escolar, farase antes das 20:00 horas do **venres 2 de decembro do 2016**, a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo www.atletismogalego.org, tamén pódese facer a inscrición utilizando a folia de inscrición, que se inclúe nesta normativa, que deberán enviar ben por correo electrónico a deportes.coruna@xunta.es e direcciontecnica@fgatletismo.com

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

CLASIFICACIÓN

Estableceranse dúas clasificacións:

- **Individual.** Segundo a orde de entrada na meta.

- **Por equipos.** A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

Para o Campionato Intercomarcal clasificaranse os dous mellores equipos e os/as oito primeiros/as atletas de cada categoría, desta 1ª xornada, e os da 2ª xornada que non se clasificaran na 1ª xornada, así como os das fases de As Mariñas e Bergantiños.

DATAS PRÓXIMAS XORNADAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN PREVISTAS

1ª xornada **Campo a Traves:** 10 de decembro/2016 en Mondego (Sada)

2ª xornada **Campo a Través:** 17 de decembro/2016 nos Menhires (A Coruña)

Proba **As Mariñas**.....: (pendente confirmación data e lugar)

Proba **Carballo**.....: (pendente confirmación data e lugar)

Fase **Intercomarcal**.....: 21 de xaneiro/2017 en Acea da Ma

Fase **Provincial**.....: 18 de febreiro/2017 (pendente confirmación lugar)

Fase **Galega**.....: 11 de marzo/2017 (pendente confirmación lugar)


Campionato de España.....: 26 de marzo/2017 (pendente confirmar lugar)

VESTIARIOS

Estarán a disposición de todos os participantes debidamente sinalizados, os vestuarios dentro das instalacións do Colexio de Mondego (Sada)

SECRETARÍA

A secretaría para a recollida dos dorsáis, estará situada na entrada do circuíto

CIRCUITO 1ª XORNADA CAMPO A TRAVÉS ESCOLAR. Sábado 10 de decembro do 2016.**Circuíto de Mondego (Sada)**

DISTANCIAS

CS: Cola de Saída 50 mts

CM: Cola de meta 50 mts

G: Volta Grande ABCDEFG 700 mts.

M: Volta Mediana ABCEFG 500 mts.

P: Volta Pequena ABFG 400 mts.

PERCORRIDO POR CATEGORÍAS

BF: CS + 1P + CM 500 mts

BM: CS + 1P + CM 500 mts

AF: CS + 1M + CM 800 mts.

AM: CS + 1G + cm 1000 mts.

IF: CS + 1G + CM 1000 mts.

IM: CS + 1P + 1G + CM 1.200 mts

CF: CS + 1P + 1G + CM 1.200 mts

CM: CS + 1P + 3G + CM 2500 mts.

HORARIO DAS PROBAS 1ª XORNADA

A retirada de dorsais poderán facela dende as 10:30 horas, ou unha hora antes do comezo das probas

Hora	Categoría	Distancia aprox.	Voltas
11.00	Benxamín fem.	500 m	CS + 1P + CM
11.10	Benxamín mas.	500 m	CS + 1P + CM
11.20	Alevín fem.	800 m	CS + 1M + CM
11.30	Alevín mas.	1000 m	CS + 1G + cm
11.45	Infantil fem.	1000 m	CS + 1G + CM
12.00	Infantil mas.	1.200 m	CS + 1P + 1G + CM
12.15	Cadete fem.	1.200 m	CS + 1P + 1G + CM
12.35	Cadete mas.	2.500 m	CS + 1P + 3G + CM

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: www.atletismogalego.org, e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte "deporte.xunta.es".